


A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 31 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Preguntas orais**

- 1.1 6195 (10/POC-001079)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reapertura das delegacións da RTVG pechadas, o aproveitamento da boa relación existente coa Radio e Televisión de Portugal e o funcionamento na actualidade do novo servizo do Porto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.2 6541 (10/POC-001139)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula  
Sobre as previsións de reapertura de novas delegacións da CRTVG, así como as razóns existentes para non negociar cos representantes sindicais a súa estrutura e o novo modelo de clasificación profesional  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*
- 1.3 7137 (10/POC-001238)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a información emitida o 24 de marzo de 2017 nos informativos do mediodía da CRTVG en relación cun veciño coruñés ao que lle entraron a roubar en varias ocasións nunha casa e lle agrediron a súa dona  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
- 1.4 8125 (10/POC-001418)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 3 máis  
Sobre a decisión de suprimir a emisión do espazo informativo diario da TVG "O Agro"  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 1.5 8168 (10/POC-001420)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis



Sobre a valoración da CRTVG en relación coa emisión desde o ano 1991 do programa " O Agro ", as súas previsións respecto da súa eliminación da programación da TVG e, sé e o caso, as razóns desa decisión, así como a renovación do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a súa emisión e a valoración da posibilidade de destinar espazos á posta en valor do medio rural entre as persoas máis novas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017*

- 1.6 8183 (10/POC-001423)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para o asinamento do contrato programa da CRTVG reflectido na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, así como os datos referidos á programación da grella da Televisión de Galicia e da Radio Galega que depende de convenios e/ou subvencións asinados ou procedentes dalgunha administración pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017*
- 1.7 8663 (10/POC-001530)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre a valoración da CRTVG en relación co desenvolvemento e resultados da iniciativa " Destino Santiago" , a través da cobertura en directo, durante corenta días, da peregrinación dunha cantante e dun músico polo Camiño Francés desde Roncesvalles a Santiago de Compostela, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento de novos proxectos dentro deste formato denominado "televisión lenta "  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 24/05/2017 11:59:25**